

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15009071	CPI Castro Baxoi	Miño	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	3º Pri.	1	35

Contido

Páxina

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

1. Introdución

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 3º de E. Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Dotado con pantalla dixital na aula e Biblioteca no centro.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica proponse como área curricular de oferta obligatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e assertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecése o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagólica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade a aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a

promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo feitura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construcción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Iglesia, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demás para crecer en harmonía e comuñón. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes exponsen cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades más próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos más globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3	2		1-4	1-2-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacíóns que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizánndoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respeito entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesión	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Vivo con responsabilidade!	Traballaremos a Creación desde a perspectiva da fermosa tarefa de vivir con responsabilidade, coidando do mundo que nos rodea A misión de Noé	14	5	X		
2	Son de Reli!	Os Sacramentos Personaxes amigos de Deus. Alianza do pobo de Deus	14	5	X		
3	Chega Advento!	Calendario litúrxico. Tempo de Advento e	18	6	X		

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Xa me quero preparar para o Nadal!	Nadal Elaboración de manualidades propias destas datas (Belén) Panxoliña para agasallar na nosa visita ao xeriátrico	18	6	X		
4	A mirada de Amor de Xesús!	Xesús e os demais. As situaciónsinxustas vistas desde a solidariedade e o Amor de Xesús Espazos de convivencia agradable e inclusiva. Lecturas de fragmentos sobre Xesús no patio para gozar da beleza da natureza	14	5		X	
5	Mirando o mundo desde a Cruz de Xesús!	Identifico os símbolos do calendario litúrxico e dos sacramentos Na Semana Santa, a paixón de Xesús Busca do tesouro. Xogo no patio para preparar a Semana Santa e a Pascua	14	5		X	
6	Os amigos de Xesús atopámonos na Igrexa!	Relatos bíblicos sobre os apóstolos de Xesús. A súa misión A misión da Igrexa Reflexionamos sobre as vocacións	14	5			X
7	Celebramos en comunidade!	Unidos a Deus celebramos a Vida e a misión da Igrexa Os primeiros cristiáns. A solidariedade entre eles. Finaliza o curso, expresión de alegría porque formamos parte desta comunidade! Coidamos o que nos rodea. Lecturas no patio para gozar da beleza da natureza	12	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Vivo con responsabilidade!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autocoñecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar	PE	31

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos clave da dignidade e a identidade persoal, relacionándolas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	É quen de destacar na composición dun cadro os personaxes bíblicos protagonistas e relationalo con algunha acción ou narración identificativa súa.	TI	69
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvimento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Iglesia, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvimento persoal		
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construcción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construcción dun mundo máis inclusivo e equitativo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - A Iglesia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común.

UD	Título da UD	Duración
2	Son de Reli!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do NovoTestamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar súa inclusión nos grupos da clase		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construcción do ben común en situacións próximas.	Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construcción do ben de todos	TI	100
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comenta o que mas interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento		
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiáns e mesmo de outras relixións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Relatos bíblicos de vocación e misión. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade. 	

UD	Título da UD	Duración
3	Chega Advento! Xa me quero preparar para o Nadal!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Dalle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, valorando súa achega á identidade do lugar	TI	100
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvimento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvimento dos valores que nos ensinou Xesús		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirnos a Xesus nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade		

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Prueba escrita, TI: Tabla de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - María, Nai da Igrexa. - A Iglesia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.

UD	Título da UD	Duración
4	A mirada de Amor de Xesús!	5

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autocoñecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar, como fixo Xesús	PE	25
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Valora os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza		
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús	TI	75
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construcción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construcción dun mundo máis inclusivo e equitativo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - A importancia do perdón para a construcción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Tipos de oración: características e diferenzas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.

UD	Título da UD	Duración
5	Mirando o mundo desde a Cruz de Xesús!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do NovoTestamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar súa inclusión nos grupos da clase, analizando comportamentos de coidado, solidariedade...		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construcción do ben común en situacions próximas.	Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construcción do ben de todos		
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, reconecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Dálle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, , valorando súa achega á identidade do lugar	TI	100
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comenta o que mas interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvimento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvimento dos valores que nos ensinou Xesús		
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiáns e mesmo de outras relixións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacions en diálogo coa mensaxe cristiá. - Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - A Iglesia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

UD	Título da UD	Duración
6	Os amigos de Xesús atopámonos na Igrexa!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	É quen de destacar na composición dun cadro os personaxes bíblicos protagonistas e relacionalo con algúna acción ou narración identificativa súa.	PE	33
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autocoñecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar, como fixo Xesús		
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús	TI	67
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construcción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construcción dun mundo máis inclusivo e equitativo		
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, reconéctando a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Dálle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, , valorando súa achega á identidade do lugar		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, reconéctando as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirnos a Xesus nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.

Contidos

- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
7	Celebramos en comunidade!	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construcción do ben común en situacíons próximas.	Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construcción do ben de todos	PE	27
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiáns e mesmo de outras relixións		
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Valora os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza		
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do NovoTestamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar súa inclusión nos grupos da clase, analizando comportamentos de coidado, solidariedade...		
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvimento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvimento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús	TI	73
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Comenta o que mas interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvimento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirnos a Xesus nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A dignidade do ser humano.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.
- María, Nai da Igrexa.
- A Iglesia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.
- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.
- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

CONCRECIÓN METODOLÓXICA

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoo a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarános a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completarase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas póndome de acordo con outros mestres/as para algunas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir retos.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos. Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) Os principios metodolóxicos:

1) Partir do nivel de desenvolvimento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándose no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvimento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado e mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En relixión, os alumnos/as inicianse no desenvolvimento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubrindo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma más concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vvida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma, baseada en proxectos, conectada coa vida e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.

Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así fomentarase o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras.

Para todo isto:

Partirse da avaliación inicial, específica e global. Analizaranse os seus coñecementos previos.

Motivarase adecuadamente, creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

Para conseguilo, promoverase o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e aceite as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe, con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas.

Fomentarase a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcase os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar a súa autonomía.

Un punto importante é atender ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

Terease en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4 da LOMLOE, Ensino básico, sinálase que cando tal diversidade o requíra, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe.

b) O agrupamento dos alumnos

- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Traballo individual...



Os criterios de distribución do alumnado na aula, estableceranse cada día en función de cal sexa a actividade a desenvolver, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade.

c) Organización dos espazos e tempos

Adaptado aos alumnos/as, tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. preveranse as distintas situaciones xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Preténdese que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Relixión, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito amosarase a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula
Material impreso
Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC)
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Materiais diversos
Recursos persoais ou humanos
Material funxible variado

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE Ensino básico,sinalase, cando tal diversidade o requíra, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe.

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

*Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...

*Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes bíblicos, xogos, parábolas en láminas de cores...

*Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC: ordenador con conexión a internet, canón de video, tabletas, app Biblia infantil, CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos informáticos, a miña aula virtual e blogue, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos, e outras.

*Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de despertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que recollemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas

dentro da nosa clase de relixión (ademas traballamos o tema transversal de educación para o consumo responsable e a educación ambiental) para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar sus propios xogos ou adornos.

*Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...

*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

*Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinhas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras....

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades on line na PDI.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

Ao comezo de cada Unidade Didáctica, unha proba inicial valorará os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	14	18	14	14	14	12	100
Proba escrita	31	0	0	25	0	33	27	16
Táboa de indicadores	69	100	100	75	100	67	73	84

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: lévase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os seguintes instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas , traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos.

Criterios de avaliação son o referente específico para avaliar, describen o que se quere valorar, tanto en coñecementos como en competencias.

Os instrumentos empregados para recoller a información relevante serán: escalas de observación, rúbricas, probas escritas...

A porcentaxe do peso específico de cada apartado será:

a) Parte actitudinal: 45%

Aproveitamento do tempo.

Esforzo e participación con interese en cada sesión.

Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 20%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedural (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 35%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole..

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliação asignarase unha cualificación.

O método de avaliação será o de avaliação continua, como xa se comentou con anterioridade. Desta avaliação xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios con pautas que faciliten o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, aula virtual e blogue... con propostas sinxelas de reforzo...

De ser necesario, solicitarase asesoramento ao equipo de orientación do centro e ao tutor/a do alumnado para organizar un plan específico de reforzo, para que o resto do curso, poida alcanzar o grado de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das

cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co tutor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe más lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades más complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero...	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual e TAC	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente.	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.11 - Fomento do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do espíritu científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e lecer		X	X	X	X	X	X

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- * Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- * Igualdade entre mulleres e homes.
- * Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Competencia dixital
- * O fomento da creatividade no alumnado
- * Educación para o respecto ao medio ambiente.
- * Educación para a PAZ.
- * Comprensión lectora A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita mais éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- * Expresión oral e escrita, positivas
- * Se fomentará o espíritu científico, e o emprendemento
- * Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- * Educación para a saúde.
- * Educación emocional e en valores
- * Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre.

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén vai incluído neste apartado, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, a familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción
Belén	Material non decidido polo momento.
Lecturas felices no patio	Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos

Observacións:

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnoloxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade.

Para o presente curso académico 2022-23 non se programan actividades extraescolares específicas para a área de Relixión e Moral Católica na etapa de Educación Primaria; mais colaboraremos e participaremos de maneira activa dentro das posibilidades concretas en todas aquellas que sexan propostas pola comisión de actividades extraescolares do centro ou calquer outro equipo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
0 nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
Conseguíuse crear un conflicto cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
Conseguíuse a motivación e a participación activa do alumnado?
Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?
Contouse co apoio e a implicación das familias no traballo do alumnado?
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliação?
Dase un peso real á observación do traballo na aula?
Tomouse algunha medida curricular e/ou organizativa para atender ao alumnado con NEAE?

Descripción:

Elaboraranse rúbricas que rexistren:

- 1.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
- 2.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
- 3.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?
- 4.- Intercálase o traballo individual e en equipo?
- 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
- 6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
- 7.- Préstase atención aos temas transversais?
- 8.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?
- 9.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares
- 10.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación... ?

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións ; coa frecuencia que se acorde coa coordinadora de 1º ciclo de E.P.

*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos
- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución temporal equilibrada.
- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TIC e TACs)
- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a

- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

* Regulación da práctica docente

- Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .

- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.

- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.

- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados

- Os instrumentos de avaliação permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:

* Aos alumnos.

* Ás familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.

- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados